



NORMATIVA E BASES DOS PREMIOS DE COMUNICACIONES O CONGRESO ANUAL DA SOCIEDADE, BOLSAS DE ESTANCIAS FORMATIVAS, BECAS DE INSCRIPCIÓN A CONGRESOS E BOLSAS DE INVESTIGACIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA (SGXX).

A Xunta Directiva da SGXX, de acordo cos Estatutos e actividades previas da Sociedade, e para maior información e obxectividade, aprobou as Normas e contías das Becas, Axudas e Premios Anuais que a continuación se refiren.

C. Premios as Melloras Comunicacións Oraís e en Poster/Vídeo do Congreso Anual da SGXX. Premio Dr. D. Fernando Jiménez Herrero.

No Congreso da SGXX premiarase a participación dos/as Socios/as nas Sesións de Comunicacións cos Traballos de investigación ou experiencias profesionais orixinais para o que se propoñen 3 premios, de 1600 Euros en total, para as Comunicacións presentadas nas Salas Oral-Social, Oral-Clínica ou mixta Oral-Experiencias validadas, correspondendo un Premio de 600 euros para a mellor Comunicación presentada na Area Oral-Social, un Premio para a mellor Comunicación presentada na Area Oral-Clínica; e un Premio de 400 euros para as presentadas en Poster/Video, como segue:

- 1 Premio de 600€ para a mellor comunicación oral Clínica. **Premio Dr. D. Fernando Jiménez Herrero a mellor Comunicación Oral Clínica do Congreso anual da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.**
- 1 Premio de 600€ para a mellor comunicación Social
- 1 Premio de 400€ para o mellor póster/vídeo

Todos os premios estarán sometidos ás retencións tributarias legalmente establecidas.

Será requisito imprescindible para recibir o premio que algún dos/as Autores/as da Comunicación acuda o acto-cerimonia de entrega dos mesmos no acto de Clausura do Congreso para recoller o Premio. A non concorrencia a dito acto entenderase como a tácita renuncia ao mesmo.

O Xurado de Premios é designado pola Comisión Permanente da Xunta Directiva da SGXX, e as súas decisións serán fundadas e inapelables. A presentación das candidaturas ó premio implica a aceptación das presentes Normas, e a Sociedade resérvase o dereito de Publicación das Comunicacións.

O Xurado poderá conceder un accésit para cada un dos Premios, sen dereito a compensación económica. Tamén poderán quedar os premios desertos ao criterio do Xurado.

Nas Comunicacións premiadas ponderárase a Orixinalidade, o aporte a ciencia, aplicabilidade, a presentación e os resultados.

Xunta Directiva da SGXX. Ano 2016